

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REÚNENSE

Dunha parte D. Antonio López Díaz, Reitor da **Universidade de Santiago de Compostela (USC)** en virtude dos poderes outorgados polo artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e do artigo 82 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con enderezo no Pazo de San Xerome, praza do Obradoiro da cidade de Santiago de Compostela.

E doutra, Mario M. Muzas Cobo con DNI Nº 50.420.454-S como Presidente da **Federación Galega de Judo e Deportes Asociados**, e domicilio en Polideportivo de Elviña (en diante A Entidade), en virtude dos poderes outorgados nos estatutos aprobados pola Asemblea Xeral Extraordinaria en data 24 de Novembro de 2022, remitidos á Xunta de Galicia para a súa ratificación en data 24 Novembro de 2022.

As partes recoñécense capacidade legal para subscribir o presente convenio, e para isto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Segundo os artigo 4 e 7 dos Estatutos da USC:

- Son funcións da USC, entre outras, procurar a formación integral dos membros da comunidade universitaria mediante a programación e organización de cursos, conferencias e todo tipo de actividades culturais, recreativas e deportivas que poidan contribuír á mellor realización deste obxectivo.
- Son dereitos de todos os membros da comunidade universitaria, no marco das previsións contidas na lexislación vixente, entre outros, a organización, promoción e participación en actividades formativas, culturais, recreativas e deportivas e de extensión universitaria, e a utilización das instalacións e dos servizos universitarios, conforme o que establezan as normas da Universidade.

SEGUNDO. De acordo co establecido no artigo 147 dos Estatutos da USC:

- A práctica deportiva na Universidade é parte da formación do estudantado e considérase de interese para todos os membros da comunidade universitaria. Para estes efectos, a Universidade de Santiago de Compostela promoverá unha acción deportiva integral, saudable, diversa e para todas as persoas, co máximo respecto polo noso ambiente e a nosa cultura. Así mesmo, estimulará a participación nas actividades físico-deportivas de todos os membros da comunidade universitaria e da cidadanía en xeral, incidindo en políticas de igualdade para as persoas e colectivos de menor práctica deportiva.
- A Universidade de Santiago de Compostela manterá e potenciará as súas infraestruturas deportivas e establecerá as medidas necesarias que favorezan e fomenten a práctica deportiva por parte dos membros da comunidade universitaria.

- A Universidade de Santiago de Compostela establecerá convenios coas administracións públicas, con outras universidades e con entidades públicas ou privadas para manter e potenciar as súas infraestruturas deportivas, coordinar o deporte universitario e organizar competición interuniversitarias que promovan a práctica deportiva en toda a comunidade universitaria.

TERCEIRO. A Programación Plurianual 2023-2026 da USC, dentro da súa liña de actuación “1.1. Impulsar a visión integral na educación”, que ten entre os seus obxectivos desenvolver o deporte dentro do modelo educativo e achegar á cidadanía os principios dunha forma de vida saudable; recolle entre as súas accións:

- 1.1.7. Actividades de fomento do deporte no ámbito universitario.
- 1.1.8. Cooperación cos clubs para favorecer a compatibilidade do deporte profesional e os estudos universitarios.

CUARTO. A Entidade ten como función propia fundamental a de promover, facilitar, planificar, administrar e dirixir, con carácter exclusivo, a práctica do Judo na Comunidade Autónoma de Galicia. É, ademais, a única competente, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia para regulamentar, organizar, xestionar e controlar as competicións oficiais de Judo. Entre outras funcións, colabora coa administración deportiva autonómica na formación de adestradores, xuíces e árbitros segundo a normativa que sexa aplicable, na promoción das súas respectivas modalidades e na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.

QUINTO. A Entidade conta con deportistas en idades preuniversitarias e universitarias, sendo de interese unha relación de colaboración coa USC para dar a coñecer entre as familias, deportistas e técnicos/as as posibilidades de formación que ofrece a USC, as actividades de extensión universitaria, os programas para favorecer as carreiras duais dos/as deportistas, etc.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto deste convenio é o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre a USC e a Entidade para o desenvolvemento de actividades físico-deportivas, de formación e divulgativas, de conciliación da actividade académica e deportiva do alumnado deportista da USC, de difusión da imaxe de ámbalas dúas entidades asinantes, etc..

As accións concretas a desenvolver e os compromisos asumidos pola USC e pola Entidade, recóllense no Anexo 1.

SEGUNDA. NORMAS DE COLABORACIÓN.

As colaboracións derivadas deste convenio quedarán sometidas ás normas aquí indicadas, á lexislación vixente, á normativa interna de cada entidade asinante e a aquelas que se acorden para cada un dos convenios específicos que, de ser o caso, se formalicen, tendo en conta a natureza da colaboración.

TERCEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para facilitar o seguimento e cumprimento deste convenio, constituirase unha comisión mixta integrada por:

- Dúas persoas en representación da Universidade de Santiago de Compostela.
- Dúas persoas en representación da Entidade.

CUARTA. FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez ao ano, previa convocatoria. Con carácter extraordinario reunirse sempre que o solicite calquera das partes.

Á Comisión correspóndenlle, entre outras, as seguintes funcións:

- Promover e velar polo adecuado desenvolvemento deste convenio.
- Propoñer posibilidades de colaboración en temas de interese común.
- Elevar as propostas que elabore, aos órganos competentes das partes.
- Realizar o seguimento deste convenio así como aclarar e decidir calquera dúbida e discrepancia respecto da interpretación e cumprimento do mesmo, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

QUINTA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS.

No marco deste convenio, as partes poderán autorizar ao seu persoal para que desenvolva a súa actividade en instalacións das outras entidades ou organismos dependentes delas, sen que iso supoña ningunha alteración na relación xurídica e contractual do persoal con cada unha das partes, asumindo a súa remuneración e demais obrigacións civís e sociais a entidade de orixe, polo que non poderán esixir ningunha responsabilidade (nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria) durante a execución das actuacións ou vixencia deste convenio. Este persoal estará obrigado, en todo caso, a cumprir coas normas que rexan no centro de destino.

As partes comprométese a observar as normas de prevención de riscos laborais e a coordinación das actividades preventivas de acordo ao disposto na normativa vixente.

SEXTA. VIXENCIA.

O presente Convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de agosto de 2025.

O Convenio poderá prorrogarse, por acordo unánime das partes, por igual período de tempo de acordo co límite que establece a letra h) no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA. EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE

A USC quedará exonerada de calquera tipo de responsabilidade fronte a terceiros, en relación ás actividades que se realicen ao abeiro deste convenio por parte da entidade conveniente, por danos de calquera índole, agás nos supostos nos que a responsabilidade xurda polo incumprimento da Universidade das súas obrigas.

Asemade, a USC non será responsable, principal nin subsidiaria, respecto de obrigas ou sancións de calquera índole que puideran ser impostas á Entidade, comprometéndose a Entidade a manter indemne á USC, mediante o pago das mesmas.

OITAVA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

Son causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- O acordo unánime das partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes asinantes.
- Resultar inviable a realización de todas as actuacións descritas neste Plan por causas non imputables ás Partes.
- Calquera incumprimento da Entidade e dos seus membros das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte, poderá ser considerado como falta moi grave, reservándose a USC o dereito á resolución unilateral do convenio. A Entidade fará todo o que estea nas súas mans para garantir que todos os/as seus/súas directivos/as, representantes, técnicos, xuíces/zas ou deportistas, cumplan coa máxima dilixencia as instrucións e os requirimentos das autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.
- Calquera incumprimento da Entidade e dos seus membros da normativa en materia de protección integral contra a violencia de xénero, poderá ser considerado como falta moi grave, reservándose a USC o dereito á resolución unilateral do convenio. A Entidade fará todo o que estea nas súas mans para garantir que todos os/as seus/súas directivos/as, representantes, técnicos, xuíces/zas ou deportistas, cumplan coa máxima dilixencia as instrucións e os requirimentos das autoridades en materia de loita contra a violencia de xénero.
- Calquera parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que satisfaga nun determinado prazo ás obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento do convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista neste Convenio ou nunha lei que sexa de aplicación.

Calquera das partes poderá, á súa vez, denunciar o presente Convenio comunicándoo por escrito

ás outras partes con 3 meses de antelación á data en que o vaia a dar por finalizado.

NOVENA. XURISDICIÓN.

Este Convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014, segundo o que establece no seu artigo 6.1

As partes comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven da aplicación dos diferentes convenios específicos, de formalizarse estes, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMA. REXISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO.

A sinatura deste Convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro.

E en proba de conformidade, as persoas representantes das entidades subscriben o presente convenio mediante sinatura electrónica na data indicada.

Pola **Universidade de
Santiago de Compostela**

Pola **Federacion Galega de Judo e D.A.**

Antonio López Díaz

Mario Muzas Cobo

ANEXO 1. COMPROMISOS DAS PARTES.

APORTACIÓN ENTIDADE	VALORACIÓN ECONÓMICA (€)	APORTACIÓN USC	VALORACIÓN ECONÓMICA (€)
Designación dun seleccionador/a do equipo universitario da USC participante nos campionatos de España universitarios de Judo a razón de 50€/día.	150,00 €	Cesión de uso da Sala de Artes Marciais do Complexo Deportivo do Estadio para realización de actividades organizadas ou coorganizadas pola Federación Galega de Judo e D.A.	635,25 €
Asumir o custe de desprazamentos da expedición de deportistas e técnico/a convocados pola USC participar no Campionato de España Universitario, ata o importe de 485,25 €.	485,25 €	Para o calculo do importe da cesión, tívose en conta o máximo número de horas previstas, o importe da tarifa aprobada pola USC e publicada na súa web cos descontos correspondentes establecidos segundo o tipo de entidade cesionaria e a duración do uso da instalación. Tamén se inclúen os custes de limpeza e persoal asociados á actividade. Os días e horarios de uso acordaranse previamente coa Área Deportiva da USC, tendo en conta dispoñibilidade da instalación en base á oferta deportiva xa programada, así como a compatibilidade con outras actividades.	
TOTAL	635,25 €	TOTAL	635,25 €

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 28/01/2025 15:22:03.

Asinante/Firmante/Signer: MARIO MANUEL MUZAS COBO, NIF ***2045**, 24/01/2025 11:04:03.

CSV: 1527-5CCF-4DAC-B424